

# INFORME DE DESEMPEÑO AMBIENTAL

PERÍODO DE XANEIRO A DECEMBRO DE 2023

---

---

## ÍNDICE

---

---

1. INTRODUCCIÓN .....	3
2. ALCANCE DO SISTEMA DE XESTIÓN AMBIENTAL.....	4
3. POLÍTICA AMBIENTAL.....	5
4. ASPECTOS AMBIENTAIS.....	6
5. DESEMPEÑO AMBIENTAL .....	8
5.1. CONSUMO DE RECURSOS NATURAIS.....	8
5.2. EMISIÓN Á ATMOSFERA .....	10
5.3. XERACIÓN DE RESIDUOS.....	10
6. FACTORES DE CONVERSIÓN .....	12
7. PROGRAMAS DE MELLORA .....	13
8. MELLORES PRÁCTICAS DE XESTIÓN AMBIENTAL.....	14

## 1. INTRODUCCIÓN

---

A Deputación de Pontevedra situou a axenda ambiental como prioridade da súa acción de goberno. A transición ecolóxica é un obxectivo transversal que estará presente a partir de agora en todos os proxectos emprendidos desde o Pazo provincial; un deles será implantar un sistema de xestión ambiental de acordo cos requisitos establecidos na norma UNE-EN ISO 14001:2015.

O obxecto deste informe é facilitarlles ás partes interesadas información relativa ao desempeño ambiental durante o ano 2023.

Súmame a este gran reto apaixonante no que está en xogo o futuro do planeta e o noso benestar.

## 2. ALCANCE DO SISTEMA DE XESTIÓN AMBIENTAL

---



Todas as actividades dos servizos da Deputación de Pontevedra realizadas no centro de traballo situado no Pazo provincial, na avenida de Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra.

ARQUITECTURA	ASESORÍA XURÍDICA	COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL	RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN
CONTRATACIÓN, FACENDA E PATRIMONIO	CULTURA	DEPORTES	SECRETARÍA XERAL
INTERVENCIÓN	MEDIO AMBIENTE	PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	TESOURERÍA

### 3. POLÍTICA AMBIENTAL

---

Ante a situación de emerxencia climática, unha das cuestións máis urxentes que ten a nosa sociedade é darlle a necesaria resposta ao imparable cambio climático. Por iso, a Deputación de Pontevedra asumiu como prioridade contribuír a este gran reto global.

A institución provincial converteu a transición ecolóxica nun obxectivo transversal da acción de goberno; por este motivo, implantouse un sistema de xestión ambiental no Pazo provincial que inclúe a totalidade dos servizos localizados neste centro: Arquitectura; Asesoría Xurídica; Comunicación Institucional; Contratación, Facenda e Patrimonio; Cultura; Deportes; Intervención; Medio Natural; Prevención de Riscos Laborais; Recursos Humanos e Formación; Secretaría Xeral; e Tesourería.


O sistema de xestión implantado demostra o compromiso da Deputación de Pontevedra coa mellora continua do comportamento ambiental e co cumprimento dos seguintes principios:

- Garantir que se cumpran os requisitos legais e outros que a institución subscriba no relativo á xestión ambiental
- Sensibilizar e formar permanentemente as persoas e motivalas a que se sumen a este desafío imparable no que todas e todos somos necesarios
- Protexer o medio:
  - o Minimizando o impacto ambiental dos nosos servizos:
    - Cun uso sostible dos recursos
    - Coa redución das emisións atmosféricas
    - Mediante a segregación en orixe dos residuos xerados
  - o Comprometéndose coa prevención da contaminación
- Establecer obxectivos e accións de mellora alcanzables. Dotar os servizos dos medios e recursos necesarios para conseguilos

A Presidencia da Deputación de Pontevedra comprométese a desenvolver os compromisos fixados nesta política e no propio sistema de xestión ambiental.

Pontevedra, 13 de febreiro de 2020

O SECRETARIO



Por delegación, a xefa do servizo da Escola de Cantería,  
segundo R. P. nº 2016001033 de 25 de xaneiro de 2016

## 4. ASPECTOS AMBIENTAIS

Identificáronse os aspectos ambientais derivados das actividades dos servizos da Deputación de Pontevedra incluídos no alcance do sistema de xestión ambiental, e tamén aqueles asociados a posibles situacións de emerxencia, desde unha perspectiva do ciclo de vida:

- Aspectos directos: xerados polas actividades sobre as que se ten capacidade de control de xestión
- Aspectos indirectos: xerados como consecuencia das actividades sobre as que non se ten pleno control de xestión

Os aspectos ambientais identificados avalíanse para determinar cales son significativos; a continuación, indícanse os aspectos significativos na avaliación realizada correspondente á anualidade 2023:

ASPECTOS AMBIENTAIS DIRECTOS		
<b>CONSUMO DE RECURSOS NATURAIS</b>		
● Consumo de auga	● Consumo de auga de pozo	● Consumo de enerxía eléctrica
● Combustible de calefacción	● Combustible de vehículos, maquinaria e equipos	
<b>XERACIÓN DE RESIDUOS NON PERIGOSOS</b>		
● Orgánicos		
<b>XERACIÓN DE RESIDUOS PERIGOSOS</b>		
● Residuos sanitarios cortantes e punzantes	● Residuos de lámpadas de descarga, non led e fluorescentes	● Residuos de pintura e verniz
● Residuos de envases contaminados	● Residuos de aerosois	
<b>EMISIÓN</b>		
● Emisións á atmosfera: calefacción	● Emisións á atmosfera: vehículos	● Emisións derivadas do consumo de enerxía eléctrica
ASPECTOS AMBIENTAIS INDIRECTOS		
<b>REDACCIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS E DIRECCIÓN DE OBRAS</b>		
● Consumo de auga	● Consumo de electricidade	● Consumo de combustible
● Consumo de materias primas	● Residuos de construción e demolición	● Residuos industriais non perigosos
● Residuos industriais perigosos		
Impacto ambiental:		
● Esgotamento de recursos ● Contaminación de augas e solos ● Contaminación atmosférica ● Contaminación das augas		

Dos aspectos ambientais significativos establecéronse accións de mellora relacionadas coas emisións derivadas do consumo de enerxía eléctrica.

Para garantir o noso correcto comportamento ambiental e dispoñer de información actualizada sobre o noso desempeño, o comité de xestión ambiental controla os diferentes aspectos identificados a través de instrucións de control operacional e indicadores de seguimento ambiental, que son analizados periodicamente para detectar a necesidade de realizar correccións ou implantar accións de mellora.

Respecto dos aspectos ambientais asociados a situacións de emerxencia, definimos as medidas de prevención e actuación en caso de emerxencia, que se distribúen a todo o persoal do Pazo provincial a través da *Guía de boas prácticas ambientais no Pazo provincial da Deputación de Pontevedra*. Ademais, avaliamos as actuacións propostas a través dunha comprobación anual.



En relación cos aspectos ambientais asociados ao ciclo de vida, sobre os que a Deputación de Pontevedra ten capacidade de influencia, establecemos accións encamiñadas a sensibilizar as distintas partes interesadas e facelas partícipes do noso compromiso coa protección do medio.

<p>Mantemento dos xardíns dos edificios pertencentes á Deputación de Pontevedra</p> <p>Mantemento dos campos de fútbol naturais e sintéticos para a actividade deportiva</p> <p>Servizos de conservación dos xardíns, arboredo e explotación vitivinícola, frutícola e forestal do predio do castelo de Soutomaior</p>	<p>Comunicación de boas prácticas ambientais aplicables á súa actividade</p>
<p>Mantemento dos vehículos, da maquinaria e dos equipos en obradoiros externos</p>	<p>Comunicación de boas prácticas ambientais aplicables á súa actividade</p>
<p>Limpeza das instalacións do Pazo provincial</p>	<p>Comunicación de boas prácticas ambientais aplicables á súa actividade</p> <p>Establecemento de requisitos ambientais na contratación do servizo</p>
<p>Obras e mantemento das instalacións e dos equipos do Pazo provincial</p>	<p>Comunicación de boas prácticas ambientais aplicables á súa actividade</p> <p>Establecemento de requisitos ambientais na contratación do servizo</p>
<p>Compras e aprovisionamento</p>	<p>Establecemento de requisitos ambientais na contratación do servizo</p>
<p>Redacción de proxectos técnicos e direccións de obra</p>	<p>Establecemento de requisitos ambientais na contratación do servizo</p>
<p>Eventos públicos promovidos pola Deputación de Pontevedra</p>	<p>Comunicación de boas prácticas ambientais aplicables á súa actividade</p> <p>Establecemento de requisitos ambientais na contratación do servizo</p>
<p>Persoas usuarias das instalacións do Pazo provincial</p>	<p>Comunicación de boas prácticas ambientais</p>
<p>Servizo de laboratorio e explotación gandeira de Mouriscade</p>	<p>Comunicación de boas prácticas ambientais aplicables á súa actividade</p>
<p>Xestión do territorio, atención e asesoramento aos concellos e á cidadanía</p>	<p>Plans e programas nos que se fixan obxectivos concretos</p>

## 5. DESEMPEÑO AMBIENTAL


A continuación móstrase a evolución dos aspectos ambientais máis relevantes da nosa actividade dos catro últimos exercicios, co obxecto de analizar a súa tendencia e dispoñer de información para formular posibles obxectivos ou accións de mellora.

### 5.1. Consumo de recursos naturais



Para o consumo de auga e de enerxía eléctrica decláranse os datos comparativos das anualidades 2020, 2021, 2022 e 2023. Aínda que o ano 2020 foi excepcional debido a crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, tendo en conta o resto dos anos existe unha tendencia á baixa tanto no consumo de auga de abastecemento como no consumo de enerxía eléctrica, pois, en relación ao ano 2021, existe unha diminución do 31 % e do 29 %, respectivamente.

Fronte aos indicadores de comportamento ambiental<sup>(1)</sup>, no ano 2023 o consumo de auga de abastecemento no Pazo provincial foi inferior ao parámetro comparativo de excelencia (6,4 m<sup>3</sup>/empregada/o).




En relación co consumo de papel, decláranse as anualidades 2020, 2021, 2022 e 2023. Despois da comparativa do ano 2023, na que queda patente a gran diminución de consumo de papel con respecto ao ano 2021, a tendencia segue sendo aínda á baixa. Con respecto ao ano 2021 obsérvase unha diminución dun 34 %.

Fronte aos indicadores de comportamento ambiental<sup>(1)</sup>, no ano 2023 o consumo de papel no Pazo provincial é inferior ao parámetro comparativo de excelencia (15 follas/empregada/o).

(1) Decisión (UE) 2019/61 da Comisión, de 19 de decembro de 2018, relativa ao documento de referencia sectorial sobre as mellores prácticas de xestión ambiental, os indicadores sectoriais de comportamento ambiental e os parámetros comparativos de excelencia para o sector da Administración pública no marco do Regulamento (CE) núm. 1221/2009, relativo á participación voluntaria de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS).






Para o consumo de gasóleo de calefacción e o combustible de vehículos e maquinaria decláranse os datos comparativos das anualidades 2020, 2021, 2022 e 2023.

O cálculo do consumo de combustible de vehículos e maquinaria realízase considerando o seguinte:

- Os vehículos do parque móbil da Deputación de Pontevedra, xa que estes son os que contribúen en maior medida ao consumo.
- Os vehículos particulares do persoal da Deputación de Pontevedra utilizados nos desprazamentos.
- A maquinaria e os equipos utilizados para o mantemento dos xardíns dos edificios pertencentes á Deputación de Pontevedra, dos campos de fútbol naturais e sintéticos para a actividade deportiva, dos servizos de conservación dos xardíns, do arboredo e da explotación vitivinícola, frutícola e forestal do predio do castelo de Soutomaior e do servizo de laboratorio e explotación gandeira de Mouriscade.




Nos períodos declarados, de maneira xeral, obsérvase unha tendencia a reducir o consumo de combustible; en concreto, reduciuse nun 11 % respecto da media entre os anos 2020 e 2022.

Con todo, ao desagregar os datos, en relación co consumo de combustible de vehículos e maquinaria, a maior porcentaxe procede do parque móbil.

## 5.2. Emisións á atmosfera

A partir dos datos de consumo de combustible calcúlanse as emisións anuais totais de gases de efecto invernadoiro xerados polo uso das instalacións do Pazo provincial e de vehículos e maquinaria.




Xa que as emisións están directamente relacionadas co consumo, con respecto á media dos anos 2020 e 2022, obsérvase unha redución dun 18 % nas emisións de gases de efecto invernadoiro xerados polo uso da instalación. As emisións de vehículos e maquinaria aumentan nun 31 %.

Así mesmo, no ano 2023 calculáronse as emisións derivadas do consumo de electricidade no Pazo provincial e estableceuse un obxectivo de redución destas para o ano 2024.

## 5.3. Xeración de residuos


Ao longo de 2023 as principais fraccións de residuos con segregación en orixe, para as que se fai unha estimación das cantidades xeradas, son as seguintes:



Tal e como se pode observar, a xeración de residuos de papel e cartón representa a maior porcentaxe dos residuos producidos.

Fronte aos indicadores de comportamento ambiental<sup>(2)</sup>, en 2023 e segundo os datos representados na gráfica anterior coma os residuos propios de oficinas, a xeración no Pazo provincial é superior ao parámetro comparativo de excelencia (200 kg/empregada/o).

Ademais, dispónse dos seguintes datos correspondentes á xeración de residuos:



A xestión dos residuos indicados realízase a través dos correspondentes xestores de residuos autorizados.

(2) Decisión (UE) 2019/61 da Comisión, de 19 de decembro de 2018, relativa ao documento de referencia sectorial sobre as mellores prácticas de xestión ambiental, os indicadores sectoriais de comportamento ambiental e os parámetros comparativos de excelencia para o sector da Administración pública no marco do Regulamento (CE) núm. 1221/2009, relativo á participación voluntaria de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS).

**6. FACTORES DE CONVERSIÓN**

<b>(1) Densidade</b>		
Gasóleo de calefacción: 900 kg/m <sup>3</sup>	Gasóleo: valor medio de 832,5 kg/m <sup>3</sup>	Gasolina: valor medio de 747,5 kg/m <sup>3</sup>
<b>(2) PCI</b>		
Gasóleo = 43 GJ/ton = 11944,54 kWh/ton 1 GJ = 277,78 kWh	Gasolina = 44,30 GJ/ton = 12.305,65 kWh/ton 1 MWh=277,78 kWh	
<b>(3) Vehículos particulares</b>		
Consumo medio: 6,3 l/100 km		
<b>(4) Factor de emisión</b>		
Gasóleo de calefacción: 2,686 kgCO <sub>2</sub> /l	Gasóleo: 2,493 kgCO <sub>2</sub> /l	Gasolina: 2,157 kgCO <sub>2</sub> /l
<b>(5) Xeración de residuos</b>		
<p><b>Fracción resto:</b>  Densidade da fracción = densidade da fracción de envases lixeiros = 25-28 kg/m<sup>3</sup> (valor medio: 26,5 kg/m<sup>3</sup>) = 0,0265 kg/l  Cada papeleira ten unha bolsa de 20 litros e considérase que por cada oito papeleiras se enche unha bolsa</p>		
<p><b>Fracción envases:</b>  Densidade da fracción = 25-28 kg/m<sup>3</sup> (valor medio: 26,5 kg/m<sup>3</sup>) = 0,0265 kg/l  Cada papeleira ten unha bolsa de 20 litros e considérase que as papeleiras se enchen todos os días</p>		
<p><b>Papel e cartón:</b>  Densidade da fracción = 90 kg/m<sup>3</sup> = 0,09 kg/l  Cada papeleira ten unha capacidade de 87 litros e considérase que as papeleiras se enchen todos os días</p>		
<p><sup>(1)</sup> Real decreto 1088/2010, de 3 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 61/2006, de 31 de xaneiro</p>		
<p><sup>(2)</sup> Informe Inventarios GEI 1990-2020 (edición de 2022), anexo 7</p>		
<p><sup>(3)</sup> Base de datos de vehículos do IDAE (clasificación de consumo relativo: categoría M1; clasificación de consumo relativo C; segmento berlinas familiares medio; tipo de monitorización: gasóleo)</p>		
<p><sup>(4)</sup> Rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de dióxido de carbono do Ministerio para a Transición Ecolóxica, versión de abril de 2021</p>		
<p><sup>(5)</sup> Fonte: Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico</p>		

## **7. PROGRAMAS DE MELLORA**

---

En coherencia co noso compromiso de mellora continua do desempeño ambiental, definimos periodicamente plans de acción de mellora, que se establecen segundo os aspectos ambientais que resultaron significativos e os riscos e as oportunidades identificados, co fin de minimizar o impacto ambiental derivado das nosas actividades.

Para o ano 2024 fíxase como obxectivo a redución dun 5 % das emisións derivadas do consumo de enerxía eléctrica nas instalacións do Pazo provincial e planifícanse accións de mellora relacionadas coa implantación da Sede electrónica.

## 8. MELLORES PRÁCTICAS DE XESTIÓN AMBIENTAL

---

### Subvencións

Confrarías pesqueiras, federación de confrarías e agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra

Proxectos e actuacións que teñan como obxecto a comercialización e a valorización das producións, a formación técnica e o asesoramento para o desenvolvemento da actividade das confrarías e da federación de confrarías, a divulgación e posta en uso das novas tecnoloxías, as enerxías renovables e o aforro enerxético, o material para a vixilancia das producións e os investimentos para mellorar os servizos prestados

Cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra

Accións que apoiem ás entidades agrogandeiras en proxectos destinados a recuperar e poñer en valor os recursos agrarios endóxenos de carácter agrícola e gandeiro que teñan como obxecto a comercialización, transformación e valorización das producións; a formación técnica e o asesoramento para o desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación tecnolóxica; a posta en uso das novas tecnoloxías; as enerxías renovables e o aforro enerxético; e investimentos para mellorar os servizos prestados pola cooperativa

### Convenios

Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Asociación Agrogandeira e de Desenvolvemento Rural Agrorural para a realización dun programa sobre o desenvolvemento dos sistemas de cero emisións netas nas explotacións agrogandeiras da provincia de Pontevedra

Programa para impulsar os sistemas de xestión e produción cero emisións netas adaptables ás explotacións agrogandeiras da provincia de Pontevedra

Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Asociación Agrogandeira e de Desenvolvemento Rural Agro Noso para a realización dun programa sobre o desenvolvemento de novos modelos de xestión forestal na provincia de Pontevedra

Programa para o desenvolvemento e promoción de novos modelos de xestión de espazos forestais en vías de abandono que permitan unha boa xestión do monte na provincia de Pontevedra

Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Unión Leiteira Galega para levar a cabo un programa formativo-divulgativo sobre o desenvolvemento de modelos de granxas verdes na provincia de Pontevedra

Programa formativo-divulgativo para o fomento de modelos sostibles de produción de alimentos que contribúan ao impulso ecolóxico da sociedade e a economía, así como sensibilizar a gandeiras e gandeiros e á poboación en xeral da provincia de Pontevedra sobre os beneficios das granxas verdes

<p>Convenio entre a Deputación de Pontevedra e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M. P. (Misión Biolóxica de Galicia), para instrumentar unha subvención destinada á divulgación da investigación agroforestal na provincia de Pontevedra</p>	<p>Coñecer os desafíos agrarios e forestais aos que nos enfrontamos como sociedade a través da transmisión de coñecementos ligados aos traballos de investigación e os resultados da MBG, de modo que se incremente o coñecemento científico da sociedade da provincia de Pontevedra</p>
<p>Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo de cara á regulación da convocatoria de axudas para o desenvolvemento de proxectos promovidos por persoal investigador dos campus de Vigo e Pontevedra 2023</p>	<p>Regulación da convocatoria de axudas para o desenvolvemento de proxectos promovidos polo persoal investigador da Universidade de Vigo, en concreto dos campus de Vigo e Pontevedra durante o ano 2023, entre cuxas liñas de investigación se atopa a biodiversidade e conservación de hábitats ou a agrobioloxía ambiental</p>
<p>Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Consello Regulador Denominación de Orixe Protexida do Mexillón de Galicia para levar a cabo a renovación da infraestrutura tecnolóxica e a creación dunha exposición permanente na súa sede</p>	<p>Renovación da infraestrutura tecnolóxica, para adaptala ás demandas do sector e ás tecnoloxías de vangarda, e creación dunha exposición permanente na sede do Consello Regulador do Mexillón de Galicia oe contribuír así, por unha banda ao fomento e sensibilización da sociedade a favor da cultura, gastronomía e patrimonio autóctono, e, pola outra, á difusión dos valores intrínsecos de Mexillón de Galicia como produto e alimento nos aspectos histórico, económico, social, paisaxístico, gastronómico e nutricional, así como de garantía de orixe e calidade certificada polo seu selo de Denominación de Orixe Protexida (DOP)</p>

## Proxectos

<p>Interlumes. Defensa contra incendios forestais na fronteira luso-española</p>	<p>Este proxecto ten por obxecto contribuír de maneira eficaz e eficiente a aumentar a resiliencia territorial para os riscos naturais transfronteirizos.</p>
<p>Biocosteiro. Conservación da biodiversidade en hábitats costeiros galego-portugueses da Rede Natura 2000 para promover e lograr un desenvolvemento equilibrado e sostible das economías locais</p>	<p>Este proxecto ten por obxecto mellorar a conservación de hábitats costeiros e hábitats de interese comunitario, principalmente de Rede Natura 2000, e especies asociadas na franxa marítimo-terrestre do espazo transfronteirizo que comprende a provincia de Pontevedra (Galicia- España) e Viana do Castelo (Portugal), ademais de reducir a presenza de especies exóticas invasoras, realizar accións de sensibilización a escolares e sociedade en xeral e promover e poñer en marcha un novo modelo de xestión turística responsable e sostible</p>

---

**Programas e actuacións**

---

Voando nas Rías Baixas

Sensibilización da poboación da provincia sobre os nosos recursos culturais e naturais, en especial da riqueza ornitolóxica, a través de cinco rutas para observar aves (Reserva Ornitolóxica-Complexo Intermareal Umia-O Grove, Foz da Ramallosa, ribeiras do río Umia, Brañas de Xestoso, praia da Lanzada, esteiro do Miño e enseada de San Simón) coordinadas pola asociación SEO/Birdlife

---

Bosques terapéuticos

Os bosques terapéuticos baséanse na terapia de *shinrin ioku* ou baño de bosque, técnica orixinaria do Xapón e que consiste en se internar na natureza para relaxar a mente e reducir o nivel de tensión. Debe ser unha experiencia consciente na que abrimos os cinco sentidos, respiramos fondo e camiñamos mentres conectamos coa contorna a un ritmo curador. Estas visitas guiadas leváronse a cabo no río Eifonso, illa de Tambo, Ruta da Pedra e da Auga, ponte colgante do Lérez, lago Castiñeiras, carballeira de San Xusto e ferverza do Toxa

---